

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 11 de decembro de 2008, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a coordinador/a 061.

Advertido erro no texto de dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 247, do luns 22 de decembro de 2008, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 22.784, no anexo IV, onde di: «Formación 20% (8 puntos)», debe dicir: «Formación: 35% (14 puntos)».

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 13 de outubro de 2009 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñaría mecánica a Manuel Jesús González Castro.

De conformidade coa proposta da comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 27 de maio de 2009 (BOE do 22 de xuño), para a provisión da praza número 09/009 de profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñaría mecánica, departamento de Enxeñaría Industrial II desta universidade, a favor de Manuel Jesús González Castro, con DNI 32836530-M, e unha vez que o interesado acreditou os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Manuel Jesús González Castro, profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñaría mecánica, departamento de Enxeñaría Industrial II desta universidade.

No prazo máximo de vinte días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste nomeamento no *Boletín Oficial del Estado*, o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente poderase interpoñer recurso de reposición perante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, sen que neste caso se poida interpoñer o recur-

so contencioso-administrativo antes mencionado ata que se resolva expresamente ou se producise a desestimación presunta do de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 13 de outubro de 2009.

José M^a Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN
NÚMERO DOUS DE NOIA**

Edicto (378/2007).

No xuízo referenciado, ditouse sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do literal seguinte:

«Sentenza.

Noia, 14 de setembro de 2009.

Vistos por Ana Belén González Abraldes, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Noia e o seu partido, os autos de xuízo verbal civil nº 378/2007, seguidos por instancia da procuradora sra. Maneiro Ces, quen actúa en nome e representación de Aurora Ces Cespón, asistida da letrada sra. Sabrojo contra Joaquín Mario Mendes Alves, intervindo o Ministerio Fiscal.

Decido que estimo a demanda presentada pola procuradora dos tribunais sra. Maneiro Ces, en nome e representación de Aurora Ces Cespón, debo acordar e acordo a disolución do matrimonio formado por Aurora Ces Cespón e Joaquín Mario Mendes Alves, coa adopción das seguintes medidas:

1. Atribúese a garda e custodia dos fillos menores á nai Aurora Ces Cespón, sendo a patria potestade compartida por ambos os dous proxenitores.

2. Recoñecer a favor do pai o dereito de visitar os seus fillos e telos na súa compañía do seguinte xeito:

O pai recollerá e terá os seus fillos as fins de semana alternas desde as 20.00 horas do venres ata as 20.00 horas do domingo. O dereito de visitas recoñecido materializarase mediante a recollida do fillo no seu domicilio e posterior reintegro a este nas horas sinaladas.

O réxime ordinario de visitas a fin de semana quedarán en suspenso durante os períodos vacacionais,